SPJ
SINDICATO PROFESIONAL DE JUSTICIA
USO
UNIÓN SINDICAL OBRERA
Galicia
SINDICATO PROFESIONAL
DE XUSTIZA
MAIORITARIO NA XUSTIZA GALEGA
spjusogalicia@gmail.com
spjusogalicia.com

SPJ-USO SOLICITA A ACTUALIZACIÓN URXENTE DA SINALIZACIÓN INTERIOR DOS EDIFICIOS XUDICIALES DE A PARDA (PONTEVEDRA) Ó QUEDAR DESACTUALIZADA TRALA IMPLANTACIÓN DOS TRIBUNAIS DE INSTANCIA.

O SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO Galicia, **CIF G15380033,** no seu propio nome e no dos funcionarios que prestan os seus servizos na Xustiza Galega, mail *spjusogalicia@gmail.com*, por medio do presente expón a medio de denuncia e **SOLICITA:**

Desde o sindicato SPJ-USO dirixímonos a esa Dirección Xeral para trasladar a **grave problemática que se está a producir nos edificios xudiciais da Parda (Pontevedra) debido á falta de actualización da sinalización interior trala entrada en funcionamento dos tribunais de instancia** recollidos na Lei Orgánica 1/2025, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

A reorganización estrutural derivada da posta en marcha dos tribunais de instancia supuxo unha modificación profunda na distribución dos órganos xudiciais, seccións e servizos comúns. Porén, a cartelería, os paneis informativos e os directorios dos inmobles da Parda continúan sen adaptarse a esta nova realidade organizativa.

Esta carencia está a provocar unha **constante desorientación entre a cidadanía, os profesionais que acoden diariamente ás sedes xudiciais e o propio persoal da Administración de Xustiza. Na práctica, esta situación tradúcese en interrupcións continuas no traballo ordinario dos funcionarios e funcionarias, que se ven obrigados a exercer de xeito permanente labores de información e orientación nos corredores e oficinas, co conseguinte prexuízo para a axilidade e a calidade do servizo público.**

Así mesmo, a ausencia de sinalización oficial levou a que sexan **os propios traballadores e traballadoras quen teñan que elaborar e colocar carteis improvisados en folios para tentar paliar este problema, o que proxecta unha imaxe de precariedade e desorganización impropia da Administración de Xustiza e prexudica a imaxe institucional do servizo público diante da cidadanía.**

Por todo o exposto, **desde SPJ-USO instamos a esa Dirección Xeral de Xustiza a que acometa con carácter urxente a renovación e actualización integral da sinalización, directorios e carteis informativos de todos os edificios xudiciais da Parda, adecuándoos á nova estrutura e nomenclatura dos tribunais de instancia e servizos comúns.**

Adxuntamos a continuación **imaxes da improvisada sinalización** que hai actualmente nos edificios mencionados e quedamos á espera dunha pronta resposta e da adopción das medidas oportunas.

En Pontevedra, a 25 de novembro de 2026.

Fdo.: José Nilo Fernández Taboada en representación de SPJ-USO.

Firmado digitalmente por José Nilo Fernández Taboada 76928505-Z

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

R/ Madrid 2-4, 2ª planta, 15781, SANTIAGO DE COMPOSTELA

Entrada do Edificio vello de A Parda



Entrada do Edificio novo de A Parda



Engadimos imaxes de servizos concretos con sinalización en folios confusos a efectos ilustrativos:






PLANTA SEGUNDA
Xulgado do Penal Nº 4
Xulgado de Menores
Xulgado Instrución nº 3


AUXILIOS PENAL
SERVICIO COMÚN
GENERAL


Xulgado Penal Nº 4
TRIBUNALES DE INSTANCIA-
SECCIÓN PENAL
(TRAMITACIÓN)
PLAZA Nº 4
PLAZA Nº 1
PLAZA Nº 2


JUZGADO DE MENORES
TRIBUNALES DE INSTANCIA-
SECCIÓN PENAL (TRAMITACIÓN)
• PLAZA Nº 3
• JUZGADO DE MENORES
• VIGILANCIA PENITENCIARIA


Xulgado de Menores
VIGILANCIA
PENITENCIARIA


Xulgados de Instrucción
nº 1 é nº 2
3
PLAZA Nº3
DE
INSTRUCCIÓN


EJECUCION DE FAMILIA.-
DERIVADA DE:
1. ANTIGUO JUZGADO PRIMERA INSTANCIA Nº. 5 DE PONTEVEDRA
2. PARTE CIVIL EJECUCION DE VIOLENCIA DE GENERO DEL ANTIGUO JUZGADO DE INSTRUCCIÓN Nº. 3 DE PONTEVEDRA.
EJECUCION C.A.-
DERIVA DE LOS ANTIGUOS JUZGADOS DE LO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO.
EJECUCION HIPOTECARIA
EJECUCION TITULOS NO JUDICIALES


XUNTA DE GALICIA
XULGADOS DE PONTEVEDRA
SECCIÓN DE LO SOCIAL
PLAZA Nº 1
PLAZA Nº 2